

XEFATURA DO ESTADO

18667 *LEI 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España.* («BOE» 273, do 15-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

I

O Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, polo que se aproba o Estatuto da sociedade anónima europea, imponlles, no seu artigo 68, aos Estados membros da Unión Europea a obriga de adoptaren todas aquelas disposicións que sexan precisas para garantir a efectividade das normas de aplicación directa que nel se conteñen. Esta lei ten como obxecto cumprir este específico mandato respecto das sociedades europeas que se domicilien en España.

II

A sociedade anónima europea é unha nova forma social que se engade ao catálogo das recoñecidas nos respectivos ordenamentos xurídicos, ampliando así a liberdade de establecemento no territorio da Unión Europea. Entre as distintas posibilidades de configuración, optouse por un modelo que, aínda que orientado cara ás grandes sociedades, non impide o acceso a iniciativas de dimensión media ou mesmo de dimensión modesta.

Non obstante, o deseño orixinario, que pretendía conseguir unha normativa substantiva completa de carácter comunitario, deixou paso a unha solución menos ambiciosa en que, xunto con esa normativa supranacional, conviven necesariamente, nunha moi complexa relación xerárquica, as normas legais aplicables ás sociedades anónimas no dereito interno. Como consecuencia deste sistema de fontes, a sociedade europea perde graos de unidade, na medida en que unha parte substancial desa normativa será a correspondente ás distintas sociedades anónimas nacionais; pero, ao mesmo tempo, facilita sensiblemente a inserción da nova forma social nas lexislacións de Estados membros. Por suposto, non poden estes alterar a normativa comunitaria. Neste sentido, o regulamento é expresión dun complexo equilibrio de intereses de moi distinto signo cuxa concreción normativa se lle impón ao lexislador nacional. Pero, por razón desa integración co dereito das sociedades anónimas, o réxime xurídico aplicable será un réxime mixto, en que coexisten normas comunitarias e normas nacionais.

A lei ten, pois, un alcance moi limitado. Tan só pretende a adición dun novo capítulo ao texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de ofrecer aquelas precisións indispensables que exige o regulamento para a plena operatividade da normativa, incorporando, ademais, os mecanismos de tutela dos intereses particulares de socios e de acredores e os mecanismos de tutela e de interese público que se vulgaron máis axeitados na fase actual da progresiva construción da Unión Europea.

O réxime da sociedade anónima europea domiciliada en España completárase coa lei que regule a implicación

dos traballadores na sociedade europea, mediante a que se incorporará ao dereito español a Directiva 2001/86/CE do Consello, do 8 de outubro de 2001, co mesmo título. A súa relevancia deriva da imposibilidade de rexistrar unha sociedade europea ata que se determinasen as disposicións relativas á devandita implicación dos traballadores naquela de acordo co establecido no propio Regulamento (CE) n.º 2157/2001.

III

Un dos problemas de maior complexidade que lle presentaba ao lexislador español o regulamento comunitario foi o de se as sociedades anónimas europeas que se constituían en España tiñan que adoptar necesariamente o «sistema monista» de administración –que é o sistema tradicional das sociedades anónimas españolas– ou se, pola contra, podían optar polo «sistema dual», caracterizado pola existencia dun órgano de control ou consello de control e un órgano de dirección.

Ao mesmo tempo, no caso de que se recoñecese esta posibilidade de opción, formulábase o problema de se debía ser específica das sociedades anónimas europeas ou se se debía xeneralizar a todas as sociedades anónimas que se constituían en España como, mesmo xa antes da publicación do regulamento, permitiran outros ordenamentos xurídicos do noso ámbito.

Seguindo a interpretación do Regulamento comunitario que non só parece máis conforme cos postulados de que parte este texto normativo, senón tamén máis flexible, a lei considera que a opción entre «sistema monista» e «sistema dual» debe concederse a todas as sociedades anónimas europeas, razón pola cal contén algunhas normas para aquelas sociedades que organicen a administración mediante unha «dirección» e un «consello de control». No entanto, respectando a solución tradicional do dereito español, non procedeu a xeneralizar esa opción estatutaria ás demais sociedades anónimas españolas, á espera de que a práctica permita apreciar se as sociedades anónimas europeas que se constituían en España prefiren o «sistema monista» ou o «sistema dual» e, neste último caso, cales son os principais problemas operativos deste novo modelo de organización.

Artigo único. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.*

Engádesse un capítulo XII, «Da sociedade anónima europea», ao texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO XII

Da sociedade anónima europea

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 312. *Réxime da sociedade anónima europea.*

A sociedade anónima europea (SE) que teña o seu domicilio en España rexerese polo establecido no Regulamento (CE) núm. 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, polas disposicións deste capítulo e pola lei que regule a implicación dos traballadores nas sociedades anónimas europeas. A sociedade anónima europea deberá fixar o seu domicilio en España cando a súa administración central se ache dentro do territorio español.

Artigo 313. *Regularización da sociedade anónima europea.*

1. Cando unha sociedade anónima europea domiciliada en España deixe de ter a súa administra-

ción central en España debe regularizar a súa situación no prazo dun ano, ben volvendo implantar a súa administración central en España, ben trasladando o seu domicilio social ao Estado membro en que teña a súa administración central.

2. As sociedades anónimas europeas que se encontren no suposto descrito no parágrafo anterior que non regularicen a situación no prazo dun ano, deberanse disolver conforme o réxime xeral previsto no capítulo IX desta lei, podendo o Goberno designar a persoa que se encargue de intervir e presidir a liquidación e de velar polo cumprimento das leis e do estatuto social.

Artigo 314. *Inscripción e publicación dos actos relativos á sociedade anónima europea.*

1. No Rexistro Mercantil depositárase o proxecto de constitución dunha sociedade anónima europea que vaia ter o seu domicilio en España.

2. A constitución e demais actos inscribíbles dunha sociedade anónima europea que teña o seu domicilio en España inscribírase no Rexistro Mercantil conforme o disposto para as sociedades anónimas.

3. Os actos e datos dunha sociedade anónima europea con domicilio en España deberanse facer públicos nos casos e na forma previstos nas disposicións xerais aplicables ás sociedades anónimas.

4. Non se poderá inscribir no Rexistro Mercantil unha sociedade anónima europea que vaia ter o seu domicilio en España cuxa denominación sexa idéntica á doutra sociedade española preexistente.

Artigo 315. *Traslado do domicilio a outro Estado membro.*

1. No caso de que unha sociedade anónima europea con domicilio en España acorde o seu traslado a outro Estado membro da Unión Europea:

a) Os accionistas que voten en contra do acordo de cambio de domicilio poderanse separar da sociedade conforme o disposto no artigo 149.

b) Os acredores cuxo crédito nacesse antes da data de publicación do proxecto de traslado do domicilio social a outro Estado membro terán o dereito de opoñerse ao traslado nos termos establecidos no artigo 243.

2. O rexistrador mercantil do domicilio social, á vista dos datos que consten no rexistro e na escritura pública de traslado presentada, certificará o cumprimento dos actos e trámites que teñan que ser realizados pola sociedade antes do traslado.

Artigo 316. *Oposición ao traslado do domicilio a outro Estado membro.*

1. O traslado de domicilio dunha sociedade anónima europea rexistrada en territorio español que supoña un cambio da lexislación aplicable non producirá efecto se o Goberno, por proposta de ministro de Xustiza ou da Comunidade Autónoma onde a sociedade anónima teña o seu domicilio social, se opón por razóns de interese público.

Cando a sociedade anónima europea estea sometida á supervisión dunha autoridade de vixilancia, a oposición poderá ser formulada tamén pola devandita autoridade.

2. Unha vez que teña por efectuado o depósito, o rexistrador mercantil, no prazo de cinco días, comunicarlle ao Ministerio de Xustiza, á Comunidade Autónoma onde a sociedade anónima teña o seu domicilio social e, se é caso, á autoridade de vixilancia correspondente a presentación dun

proxecto de traslado de domicilio dunha sociedade anónima europea.

3. O acordo de oposición ao traslado de domicilio terase que formular dentro do prazo dos dous meses seguintes á publicación do proxecto de traslado de domicilio. Contra o acordo poderase recorrer perante a autoridade xudicial competente.

SECCIÓN 2.^a CONSTITUCIÓN

Artigo 317. *Participación doutras sociedades na constitución dunha sociedade anónima europea.*

Na constitución dunha sociedade anónima europea que teña que se domiciliar en España, ademais das sociedades indicadas no Regulamento (CE) n.º 2157/2001, poderán participar as sociedades que, aínda cando non teñan a súa administración central na Unión Europea, estean constituídas conforme o ordenamento xurídico dun Estado membro, teñan nel o seu domicilio e unha vinculación efectiva e continua coa economía dun Estado membro.

Presúmese que existe vinculación efectiva cando a sociedade teña un establecemento no devandito Estado membro desde o que dirixa e realice as súas operacións.

Artigo 318. *Oposición á participación dunha sociedade española na constitución dunha sociedade anónima europea mediante fusión.*

1. O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza ou da comunidade autónoma onde a sociedade anónima teña o seu domicilio social, poderase opor por razóns de interese público a que unha sociedade española participe na constitución mediante fusión dunha sociedade anónima europea noutro Estado membro.

Cando a sociedade española que participe na constitución dunha sociedade anónima europea mediante fusión estea sometida á supervisión dunha autoridade de vixilancia, a oposición á súa participación poderá ser formulada tamén pola devandita autoridade.

2. Unha vez que teña por efectuado o depósito do proxecto de fusión, o rexistrador mercantil, no prazo de cinco días, comunicarlle ao Ministerio de Xustiza, á Comunidade Autónoma onde a sociedade anónima teña o seu domicilio social e, se é o caso, á autoridade de vixilancia correspondente, o dito depósito, para que estes poidan formular a súa oposición á fusión.

3. A oposición deberase formular antes da expedición do certificado a que se refire o artigo 321. Contra o acordo de oposición poderase recorrer perante a autoridade xudicial competente.

Artigo 319. *Nomeamento de experto ou expertos que deberán informar sobre o proxecto de fusión.*

No suposto de que unha ou máis sociedades españolas participen na fusión ou cando a sociedade anónima europea vaia fixar o seu domicilio en España, o rexistrador mercantil será a autoridade competente para, logo de petición conxunta de sociedades que se fusionan, designar un ou varios expertos independentes que elaboren o informe único previsto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 2157/2001.

Artigo 320. Dereito de separación dos accionistas en caso de fusión.

Os accionistas das sociedades españolas que voten en contra do acordo dunha fusión que implique a constitución dunha sociedade anónima europea domiciliada noutro Estado membro poderán separarse da sociedade conforme o disposto no artigo 149. Igual dereito terán os accionistas dunha sociedade española que sexa absorbida por unha sociedade anónima europea domiciliada noutro Estado membro.

Artigo 321. Certificación relativa á sociedade que se fusiona.

O rexistrador mercantil do domicilio social, á vista dos datos que constan no rexistro e na escritura pública de fusión presentada, certificará o cumprimento por parte da sociedade anónima española que se fusiona de todos os actos e trámites previos á fusión.

Artigo 322. Inscrición da sociedade resultante da fusión.

No caso de que a sociedade anónima europea resultante da fusión fixe o seu domicilio en España, o rexistrador mercantil do domicilio social controlará a existencia dos certificados das autoridades competentes dos países en que tiñan o seu domicilio as sociedades estranxeiras participantes na fusión e a legalidade do procedemento en canto á realización da fusión e á constitución da sociedade anónima europea.

Artigo 323. Publicidade do proxecto de constitución dunha sociedade anónima europea hóliding.

1. Os administradores da sociedade ou sociedades españolas que participen na constitución dunha sociedade anónima europea hóliding deberán depositar no rexistro mercantil correspondente o proxecto de constitución desta sociedade. Unha vez que teña por efectuado o depósito, o rexistrador comunicarlle o feito do depósito e a data en que tivese lugar ao rexistrador mercantil central, para a súa inmediata publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

2. A xunta xeral que deba pronunciarse sobre a operación non se poderá reunir antes de que transcorra, polo menos, o prazo dun mes desde a data da publicación a que se refire o punto anterior.

Artigo 324. Nomeamento de experto ou expertos que teñan que informar sobre o proxecto de constitución dunha sociedade anónima europea hóliding.

1. A autoridade competente para o nomeamento de experto ou expertos independentes previstos no punto 4 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 2157/2001 será o rexistrador mercantil do domicilio de cada sociedade española que promova a constitución dunha sociedade anónima europea hóliding ou do domicilio da futura sociedade anónima europea.

2. A solicitude de nomeamento de experto ou expertos independentes efectuarase conforme o disposto no Regulamento do rexistro mercantil.

Artigo 325. Protección dos socios das sociedades participantes na constitución dunha sociedade anónima europea hóliding.

Os socios das sociedades promotoras da constitución dunha sociedade anónima europea hóliding que votasen en contra do acordo da súa constitución poderanse separar da sociedade de que formen parte conforme o previsto no artigo 149.

Artigo 326. Transformación dunha sociedade anónima existente en sociedade anónima europea.

1. No caso de constitución dunha sociedade anónima europea mediante a transformación dunha sociedade anónima española, os seus administradores redactarán un proxecto de transformación de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 2157/2001 e un informe en que se explicarán e xustificarán os aspectos xurídicos e económicos da transformación e se indicarán as consecuencias que suporá para os accionistas e para os traballadores a adopción da forma de sociedade anónima europea. O proxecto de transformación será depositado no rexistro mercantil e publicarse conforme o establecido no artigo 323 desta lei.

2. Un ou máis expertos independentes, designados polo rexistrador mercantil do domicilio da sociedade que se transforma, certificarán, antes de que se convoque a xunta xeral que teña que aprobar o proxecto de transformación e os estatutos da sociedade anónima europea que esa sociedade dispón de activos netos suficientes, polo menos, para a cobertura do capital e das reservas da sociedade anónima europea.

SECCIÓN 3.^a ÓRGANOS SOCIAIS

Subsección 1.^a Sistemas de administración

Artigo 327. Opción estatutaria.

A sociedade anónima europea que se domicilie en España poderá optar por un sistema de administración monista ou dual, e farao constar nos seus estatutos.

Artigo 328. Sistema monista.

En caso de que se opte por un sistema de administración monista, será de aplicación ao seu órgano de administración o establecido nesta lei para os administradores das sociedades anónimas, en canto non contradiga o disposto no Regulamento CE 2157/2001, e na lei que regule a implicación dos traballadores nas sociedades anónimas europeas.

Subsección 2.^a Sistema dual

Artigo 329. Órganos do sistema dual.

No caso de que se opte por un sistema de administración dual, existirá unha dirección e un consello de control.

Artigo 330. Facultades da dirección.

1. A xestión e a representación da sociedade correspóndenlle á dirección.

2. Calquera limitación ás facultades dos directores das sociedades anónimas europeas, aínda que se ache inscrita no rexistro mercantil, será ineficaz fronte a terceiros.

3. A titularidade e o ámbito do poder de representación dos directores rexerese conforme o disposto para os administradores nesta lei.

Artigo 331. *Modos de organizar a dirección.*

1. A xestión poderá confiarse, conforme dispoñan os estatutos, a un só director, a varios directores que actúen solidaria ou conxuntamente ou a un consello de dirección. Cando a xestión se confie conxuntamente a máis de dúas persoas, estas constituirán o consello de dirección. O consello de dirección estará formado por un mínimo de tres membros e un máximo de sete. Os estatutos da sociedade, cando non determinen o número concreto, establecerán o número máximo e o mínimo, e as regras para a súa determinación.

2. Agás o disposto no Regulamento (CE) n.º 2157/2001, a organización, funcionamento e réxime de adopción de acordos do consello de dirección será rexida polo establecido nos estatutos sociais e, no seu defecto, polo previsto nesta lei para o consello de administración das sociedades anónimas.

Artigo 332. *Límite á cobertura de vacante na dirección por un membro do consello de control.*

A duración do nomeamento dun membro do consello de control para cubrir unha vacante da dirección conforme o artigo 39.3 do Regulamento (CE) n.º 2157/2001 non será superior ao ano.

Artigo 333. *Consello de control.*

1. Será de aplicación ao consello de control o previsto nesta lei para o funcionamento do consello de administración das sociedades anónimas en canto non contradiga o disposto no Regulamento (CE) n.º 2157/2001.

2. Os membros do consello de control serán nomeados e revogados pola xunta xeral, sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 2157/2001, na lei que regule a implicación dos traballadores nas sociedades anónimas europeas e do establecido no artigo 137 desta lei.

3. A representación da sociedade fronte aos membros da dirección correspóndelle ao consello de control.

4. O consello de control, cando o estime conveniente, poderá convocar os membros da dirección para que asistan ás súas reunións con voz pero sen voto.

Artigo 334. *Operacións sometidas a autorización previa do consello de control.*

O consello de control poderá acordar que determinadas operacións da dirección se sometan á súa autorización previa. A falta de autorización previa será inoponible aos terceiros, salvo que a sociedade probe que o terceiro actuase en fraude ou con mala fe en prexuízo da sociedade.

Artigo 335. *Responsabilidade dos membros dos órganos de administración.*

As disposicións sobre responsabilidade previstas para os administradores de sociedades anónimas serán aplicadas aos membros dos órganos de administración, de dirección e do consello de control no ámbito das súas respectivas funcións.

Artigo 336. *Impugnación de acordos dos órganos de administración.*

Os membros de cada órgano colexiado poderán impugnar os acordos nulos ou anulables do consello ou comisión a que pertencen no prazo dun mes desde a súa adopción. Igualmente poderán impugnar tales acordos os accionistas que representen polo menos o cinco por cento do capital social no prazo dun mes desde que tivesen coñecemento

deles, sempre que non transcorrese un ano desde a súa adopción.

Subsección 3.ª Xunta xeral**Artigo 337. *Convocatoria da xunta xeral no sistema dual.***

1. No sistema dual de administración, a competencia para a convocatoria da xunta xeral correspóndelle á dirección. A dirección deberá convocar a xunta xeral cando o soliciten accionistas que sexan titulares de, polo menos, o cinco por cento do capital social.

2. Se as xuntas non fosen convocadas dentro dos prazos establecidos polo Regulamento (CE) n.º 2157/2001 ou os estatutos, poderán selo polo consello de control ou, por petición de calquera socio, polo xuíz do Mercantil do domicilio social conforme o previsto para as xuntas xerais nesta lei.

3. O consello de control poderá convocar a xunta xeral de accionistas cando o considere conveniente para o interese social.

Artigo 338. *Prazo de convocatoria da xunta xeral e inclusión de novos asuntos na orde do día.*

1. A xunta xeral da sociedade anónima europea deberá ser convocada polo menos un mes antes da data fixada para a súa celebración.

2. Os accionistas minoritarios que sexan titulares de, polo menos, o cinco por cento do capital social poderán solicitar a inclusión de asuntos na orde do día da xunta xeral xa convocada, así como solicitar a convocatoria da xunta xeral extraordinaria, conforme o establecido nesta lei. O complemento da convocatoria deberase publicar con 15 días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da xunta.»

Disposición adicional primeira. *Validez da sociedade anónima europea como forma xurídica nos distintos sectores de actividade.*

Cando a lexislación específica dun sector lles exixa ás entidades que queiran desenvolver nel a súa actividade que adopten unhas formas xurídicas determinadas entre as cales estea incluída a sociedade anónima entenderase comprendida tamén a sociedade anónima europea.

Disposición adicional segunda.

O Goberno, no prazo de seis meses, procederá a realizar as modificacións que sexan necesarias co obxecto de proceder á adecuación do Regulamento do rexistro mercantil ao contido desta lei.

Disposición adicional terceira.

Créase un novo punto 4 no artigo 107 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co texto que se insire a continuación:

«4. O disposto neste artigo será de aplicación aos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual.»

Disposición adicional cuarta. *Modificación dos artigos 114 e 116 da Lei do mercado de valores.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

1. Créase un novo punto 4 no artigo 114, co texto que se insire a continuación:

«4. O disposto neste artigo será de aplicación aos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual.»

2. Créase un novo punto 6 no artigo 116, co texto que se insire a continuación:

«6. Cando a sociedade cotizada sexa unha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual, xunto co informe anual de goberno corporativo elaborado pola dirección achegárase un informe elaborado polo consello de control sobre o exercicio das súas funcións.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación de determinados preceptos do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.*

Modifícanse os artigos 38, 95, 97, 126, 165, 170, 250 e 262 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

1. Engádesse un novo punto 2 ao artigo 38, pasando os actuais 2 e 3 a seren puntos 3 e 4, coa seguinte redacción:

«2. Cando se acheguen valores mobiliarios admitidos a cotización en mercado secundario oficial, terá o mesmo valor que o informe do experto a certificación emitida pola sociedade reitora da Bolsa de valores en que aqueles estean admitidos a cotización.»

2. O parágrafo único do artigo 95 pasa a ser o punto primeiro do dito artigo, e introdúcese un novo punto coa seguinte redacción:

«2. A xunta xeral ordinaria será válida aínda que fose convocada ou se celebre fóra de prazo.»

3. O artigo 97 queda redactado como segue:

«Artigo 97. *Convocatoria da xunta.*

1. A xunta xeral ordinaria deberá ser convocada mediante anuncio publicado no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e nun dos diarios de maior circulación na provincia, polo menos un mes antes da data fixada para a súa celebración.

2. O anuncio expresará a data da reunión en primeira convocatoria e todos os asuntos que deban tratarse.

3. Os accionistas que representen, polo menos, o cinco por cento do capital social, poderán solicitar que se publique un complemento á convocatoria dunha xunta xeral de accionistas incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberase facer mediante notificación fidedigna que deberá recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes ao da publicación da convocatoria.

O complemento da convocatoria deberase publicar con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da xunta.

4. A falta de publicación do complemento da convocatoria no prazo legalmente fixado será causa de nulidade da xunta.

5. Se os estatutos prevén a posibilidade de asistencia á xunta por medios telemáticos, que garantan debidamente a identidade do suxeito, na convocatoria describíranse os prazos, formas e modos de exercicio dos dereitos dos accionistas previstos polos administradores para permitir o

ordenado desenvolvemento da xunta. En particular, os administradores poderán determinar que as intervencións e propostas de acordos que, conforme esta lei, teñan intención de formular os que vaian asistir por medios telemáticos, se remitan á sociedade con anterioridade ao momento da constitución da xunta. As contestacións a aqueles destes accionistas que exerzan o seu dereito de información durante a xunta producíranse, por escrito, durante os sete días seguintes á xunta.»

4. O artigo 126 queda redactado como segue:

«Artigo 126. *Duración do cargo.*

1. Os administradores da sociedade anónima exercerán o cargo durante o prazo que sinalen os estatutos sociais, que deberá ser igual para todos eles.

2. O prazo de duración do cargo de administrador de sociedade anónima non poderá exceder de seis anos.

3. O nomeamento dos administradores caducará cando, vencido o prazo, se celebre a xunta xeral seguinte ou transcorrese o termo legal para a celebración da xunta que deba resolver sobre a aprobación de contas do exercicio anterior.

4. Os administradores poderán ser reelixidos para o cargo, unha ou varias veces, por períodos de igual duración máxima.

5. O artigo 165 queda redactado como segue:

«O acordo de redución do capital social deberá ser publicado no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e nun xornal de gran circulación na provincia en que a sociedade teña o seu domicilio.»

6. O punto 2 do artigo 170 queda redactado como segue:

«A proposta de compra deberá ser publicada no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e nun xornal de gran circulación na provincia en que a sociedade teña o seu domicilio, deberá manterse, polo menos, durante un mes, incluírá todas as mencións que sexan razoablemente necesarias para a información dos accionistas que desexen vender e, se é o caso, expresará as consecuencias que deriven de non alcanzar as accións ofrecidas o número fixado no acordo.»

7. O artigo 250 queda redactado como segue:

«Artigo 250. *Fusións simplificadas.*

1. Cando a sociedade absorbente for titular, de forma directa ou indirecta, de todas as accións ou participacións sociais en que se divídese o capital da sociedade absorbida, o proxecto de fusión non terá que incluír referencia ningunha ao tipo e ao procedemento de troco das accións ou participacións sociais nin á data a partir da cal as novas accións darán dereito a participar nas ganancias sociais, e non será necesario o aumento do capital da absorbente nin os informes de administradores e de expertos sobre o proxecto de fusión.

2. A mesma regra será de aplicación cando a sociedade absorbente estiver integramente participada, de forma directa ou indirecta, pola sociedade absorbida, e cando a sociedade absorbente e a absorbida estivesen integramente participadas, de forma directa ou indirecta, por unha terceira.»

8. O punto 5 do artigo 262 queda redactado do seguinte xeito:

«5. Responderán solidariamente das obrigas sociais posteriores ao acaecemento da causa legal

de disolución os administradores que incumpran a obriga de convocar no prazo de dous meses a xunta xeral para que adopte, se é o caso, o acordo de disolución, así como os administradores que non soliciten a disolución xudicial ou, se procedese, o concurso da sociedade, no prazo de dous meses contados desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo for contrario á disolución ou ao concurso.

Nestes casos as obrigas sociais reclamadas presumiranse de data posterior ao acaecemento da causa legal de disolución da sociedade, salvo que os administradores acrediten que son de data anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do artigo 105 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

Modifícase o punto quinto do artigo 105 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, que pasa a quedar redactado así:

«5. Responderán solidariamente das obrigas sociais posteriores ao acaecemento da causa legal de disolución os administradores que incumpran a obriga de convocar no prazo de dous meses a xunta xeral para que adopte, se é o caso, o acordo de disolución, así como os administradores que non soliciten a disolución xudicial ou, se procedese, o concurso da sociedade, no prazo de dous meses contados desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo fose contrario á disolución ou ao concurso.

Nestes casos as obrigas sociais reclamadas presumiranse de data posterior ao acaecemento da causa legal de disolución da sociedade, salvo que os administradores acrediten que son de data anterior.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao amparo das competencias que o artigo 149.1.6.^a da Constitución lle atribúe en exclusiva ao Estado en materia de lexislación mercantil.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que dite cantas disposicións sexan precisas para a debida execución e cumprimento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18668 *LEI 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de Contratos de Seguros de Cobertura de Falecemento.* («BOE» 273, do 15-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

Moitos cidadáns españois teñen contratado un seguro de vida en calquera das súas modalidades (morte, invalidez, supervivencia) que cobren unha soa ou varias das anteriores contingencias (seguro puro ou mixto), e teñen unha duración variable (a toda vida ou temporais). Sexa en forma de seguros individuais ou colectivos, aproximadamente un de cada catro españois xera aforro e dereitos económicos para si ou para os seus beneficiarios, de acordo coas cláusulas de cada contrato de seguro.

Estes seguros de vida son tomados por si mesmos, ou en ocasión da contratación de operacións e servizos de todo tipo como por exemplo seguros de vehículos a todo risco, contratación de préstamos hipotecarios, subscripción de seguros de accidente e adhesión a seguros adxuntos a paquetes de viaxes turísticas, e/ou tarxetas de crédito.

Non obstante, sucede con demasiada frecuencia que, en caso de falecemento do tomador do seguro ou do asegurado, os seus posibles beneficiarios, precisamente por descoñecer a existencia do contrato de seguro, non están en condicións de reclamar o seu cobramento, polo que perden uns dereitos económicos a que teñen dereito e que deberían, por tanto, poder percibir.

Con independencia de que a ausencia de reclamación por razón do descoñecemento dos seus dereitos polos propios beneficiarios e a rápida prescrición destes dereitos lles poida producir ás compañías aseguradoras un beneficio indebido, pois moitas pólizas quedan sen cobrar, cómpre pórle remedio a esta situación.

Malia que na actualidade existe diferente normativa que regula o contrato de seguro, nin as previsións da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, nin o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, nin a Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro (que no seu capítulo 1 contén unha regulación xeral da protección dos clientes de servizos financeiros), prevén mecanismos que dean resposta axeitada a esta cuestión.

De acordo con isto, o Senado aprobou a Moción 671/187, na cal instaba o Goberno a «analizar, no prazo de seis meses, a viabilidade da creación dun rexistro único de pólizas de seguro de vida, con especial referencia á conxugación do dereito á información dos beneficiarios co dereito á intimidade dos tomadores, no marco da normativa sobre protección de datos de carácter persoal e da neutralidade entre diferentes instrumentos canalizadores do aforro».

Visto o informe elaborado polo Ministerio de Economía, relativo á citada moción, do 22 de maio de 2003, presentouse unha proposición de lei co obxecto de establecer un mecanismo de información e transparencia para que todos os contratos de seguro de vida cheguen a boa fin e se poidan cumprir todas as previsións do contrato no caso de se producir o risco que cubrían. Por todas estas razóns, créase o Rexistro de Contratos de Seguro con Cobertura de Falecemento.